

CONSELLERÍA DO MAR

*Resolución do 11 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños, pola que se establece o período de veda para o polbo (*Octopus vulgaris*) para o ano 2010.*

Por medio da Orde do 22 de decembro de 2009, pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira, desenvólvese o plan para a xestión da pesqueira do polbo (*Octopus vulgaris*) e establécense as condicións para o seu desenvolvemento.

O artigo 9.1.b) desta orde dispón que se poderá establecer un período de veda de dous meses continuados no período comprendido entre abril e setembro. Para a súa determinación terase en conta o estado do recurso e a opinión do sector afectado.

Consultado o sector, esta dirección xeral

RESOLVE:

Declarar o período de veda do polbo (*Octopus vulgaris*) para o ano 2010, que queda establecido entre as 16.00 horas do 28 de maio ata as 6.00 horas do 5 de xullo.

Polo tanto, neste período queda expresamente prohibida a captura do polbo (*Octopus vulgaris*), por medio de calquera arte, en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. As embarcacións dedicadas á captura de polbo con nasas deberán retirar estas do seu calado e levalas a porto.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2010.

Pablo Ramón Fernández Asensio
Director xeral de Ordenación e Xestión
de Recursos Mariños

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

Resolución do 11 de maio de 2010, do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos, polas quendas de acceso libre e de promoción interna, nomeado pola Orde do 17 de setembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 182, do 19 de setembro), modificada pola Orde do 13 de xaneiro de 2010 (Diario Oficial de Galicia número 11, do 19 de xaneiro), pola que se dá publicidade a diversos acordos deste.

En sesión que tivo lugar o 11 de maio de 2010, o tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo

para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos, polas quendas de acceso libre e de promoción interna, nomeado pola Orde do 17 de setembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* número 182, do 19 de setembro), modificada pola Orde do 13 de xaneiro de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* número 11, do 19 de xaneiro), convocados pola Orde de 28 de decembro de 2007, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (*Diario Oficial de Galicia* número 7, do 10 de xaneiro), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro.-Declarar a todos/as os/as aspirantes que superaron o segundo exercicio da fase de oposición para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos, polas quendas de acceso libre e de promoción interna, exentos da realización do terceiro exercicio da fase de oposición, por ter presentado a documentación xustificativa sinalada na base II.1.2 da convocatoria.

Segundo.-De conformidade co disposto na base II.3.3 en relación coa II.3.4 da convocatoria, os/as aspirantes que superaron a fase de oposición disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para presentaren a documentación relativa á fase de concurso, que deberán dirixir á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano, Santiago de Compostela) de acordo co procedemento establecido para o efecto pola Dirección Xeral da Función Pública na súa Resolución do 29 de xaneiro de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 24, do 4 de febreiro.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2010.

Bertha Rey-Conde Fernández
Presidenta do tribunal

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 11 de maio de 2010 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira do corpo de mestres para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por persoal funcionario público docente que imparte ensinanzas

de niveis non universitarios, prevé no seu artigo 3.2º que as prazas que nel se indican poderán ser cubertas mediante o correspondente concurso específico de méritos e durante o prazo que se determine na convocatoria. As ditas prazas deberán ser provistas a través dun concurso específico de méritos para a súa provisión mediante nomeamento temporal con reserva do posto de traballo de orixe e durante o tempo que se estableza na correspondente convocatoria, que en ningún caso poderá exceder en máis de seis anos.

A atención do alumnado con necesidades educativas específicas nos centros de escolarización preferente establecidos na disposición adicional quinta do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, debe efectuarse con profesorado con destino definitivo. Sen prexuízo do anterior, a escolarización do alumnado de atención preferente en centros ordinarios que, por non ser de escolarización preferente, non van contar con recursos humanos permanentes aconsella unha certa permanencia do mestre ou mestra co/coa alumno/a de ser posible durante unha etapa educativa, evitando un cambio de docente cada curso académico. Posto que estas necesidades educativas teñen un carácter temporal e non poden cubrirse con carácter definitivo, procede a súa provisión en réxime de comisión de servizos.

Na súa virtude, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convocar concurso público de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e persoal funcionario en prácticas do corpo de mestres, para adxudicar, en comisión de servizos, as prazas que figuran no anexo I desta orde.

Artigo 2º.-*Participantes e requisitos.*

Poderá participar nesta convocatoria o persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres da especialidade de pedagogía terapéutica, ou no seu caso de audición e linguaxe ou que estean en posesión da titulación de psicopedagogía, ou dalgunha das titulacións que permiten a habilitación na especialidade de pedagogía terapéutica e que estean en situación de servizo activo ou de excedencia por coidado de fillo ou familiar na Comunidade Autónoma de Galicia no curso académico 2009-2010 e que estea en posesión do título

de perfeccionamento en lingua galega ou do certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou certificación ou validación equivalente.

Enténdese tamén en situación de servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia en 31 de agosto de 2010 aquel persoal docente que desde un destino definitivo da Comunidade Autónoma de Galicia accedeu a un posto docente no estranxeiro e que debe reincorporarse obrigatoriamente a esta comunidade no próximo curso académico.

Artigo 3º.-*Lugar e prazo de presentación.*

O prazo de presentación de instancias para tomar parte nesta convocatoria, dirixidas ao director xeral de Centros e Recursos Humanos, será de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, e poderán presentarse no rexistro único, edificio administrativo San Caetano, nos departamentos territoriais ou ben na forma prevista no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No suposto de optar pola presentación da solicitude e demais documentación ante a oficina de correos, farase en sobre aberto para que a instancia sexa selada e datada polo persoal funcionario de correos antes de ser certificada.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias e demais documentación, non se admitirá ningunha modificación nas peticións formuladas. Non obstante o anterior, admitirase renuncia á participación no concurso de méritos específico dentro do prazo establecido para as reclamacións sinaladas no punto sexto, entendendo que tal renuncia afecta a todas as peticións formuladas.

Artigo 4º.-*Solicitudes e documentación.*

Aínda que se concurse a máis dunha praza, o persoal concursante presentará unha única instancia, xunto cunha fotocopia desta e unha folla de alegacións e autobaremación, axustada ao modelo que se insire nesta orde e simultaneamente presentará, para a demostración dos méritos, os documentos que se indican no baremo que aparece como anexo II.

Non terán que presentarse aqueles documentos xustificativos de méritos alegados que fosen achegados polos concursantes para completar o seu expediente persoal na aplicación informática a través do enderezo www.edu.xunta.es/datospersoais

Artigo 5º.-*Comisión de selección.*

A selección do persoal aspirante será realizada por unha comisión, integrada polos seguintes membros:

-Presidente: o director xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue.

-Vogais: ata un máximo de tres vogais, coa categoría de subdirectores ou subdirectorxs xerais ou xefas ou xefas de servizo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou membros da inspección educativa e un vogal membro dos equipos de orientación específicos.

-Un funcionario ou funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario ou secretaria con voz e sen voto.

Ademais, poderá asistir á comisión un representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, con voz e sen voto.

Para a valoración das epígrafes do baremo establecido no anexo II a comisión de selección poderá delegar esta función nunha subcomisión formada por persoal funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Unha vez feita esta, os resultados serán publicados nos taboleiros de anuncios da consellería e dos departamentos territoriais, así como no enderezo electrónico <http://www.edu.xunta.es/>, sinalarase a relación de persoal excluído e a causa da súa exclusión e establecerase un prazo de 5 días hábiles desde a súa exposición para presentar as reclamacións que procedan.

Os membros da comisión e, de ser o caso, da subcomisión, estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo), que estarán cualificadas na categoría primeira.

No caso de producirse empates no total das puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nos números 1.2, 3, 5 e 1.1. 2 e 4.

Artigo 6º.-*Proposta de nomeamento.*

Unha vez realizado todo o proceso anterior, a comisión de selección proporá ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a adxudicación dos postos, que será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e pola que se entenderá notificado, para todos os efectos, o persoal concursante a que afecte. Contra esta resolución poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado

a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderase formular directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 7º.-*Toma de posesión.*

Os seleccionados deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2010, cesando no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

Cando a toma de posesión coincida coa toma de posesión doutro destino adxudicado por concurso de traslados, tomarase posesión e cesamento nominal deste último, para os únicos efectos da reserva do posto de traballo, e incorporarase ao destino adxudicado por comisión de servizos cos efectos económicos e administrativos do 1 de setembro de 2010.

As prazas adxudicadas serano en comisión de servizos, por un período dun ano, prorrogable ata que o alumno remate a etapa educativa en que se encontra, e con reserva do posto de traballo de orixe, de acordo co disposto no punto 2º do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo. A prórroga exixirá petición do mestre ou mestra interesado/a e informe favorable do equipo de orientación específico.

Artigo 8º.-*Devolución da documentación presentada.*

Unha vez transcorridos tres meses desde a data de publicación da resolución definitiva, as persoas interesadas, ou a súa representación legal, disporán dun prazo de seis meses para retirar a documentación ante o presidente ou presidenta da comisión. En caso contrario entenderase que renuncian á súa devolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Centro	Prazas	Localidade	Provincia
CEIP Virxe do Portal (8)	1 PT	Sobrado	A Coruña
CEIP Xesús San Luis Romero (4), (8)	1 PT	Carballo	A Coruña
CPI de Atios (5)	1PT	Valdoviño	A Coruña
CEIP Felipe de Castro (5), (9)	1 PT	Noia	A Coruña
CPI Antonio Faílde (5)	1 PT	Cambeo	Ourense
IES de Meira (13)	1 PT	Meira	Lugo
IES Leiras Pulpeiro (6)	2 PT	Lugo	Lugo
CPI José García García (5)	1 PT	Mende	Ourense
CEIP Condessa de Fenosa (5)	1 PT	O Barco de Valdeorras	Ourense
IES O Couto (12)	1 PT	Ourense	Ourense
CEIP Ben-Cho-Shey (2)	1 PT	Pereiro de Aguiar	Ourense
CEIP Mestre Martínez Alonso (8)	1 PT	Mos	Pontevedra
IES Ricardo Mella (5)	1 PT	Vigo	Pontevedra
CEIP Mestre Martínez Alonso (8)	1 AL	Mos	Pontevedra
CEIP A Lomba (6)	1 PT	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra

Centro	Prazas	Localidade	Provincia
CEIP Príncipe Felipe (7)	1 AL	Pontevedra	Pontevedra
CEE Príncipe Felipe (1), (5)	3 PT 1 AL 1 EF	Pontevedra	Pontevedra
CEIP de Lourido (5)	1 AL	Poio	Pontevedra
CEIP Santo Paio de Abaixo (8)	1 AL	Redondela	Pontevedra
Requisito: coñecemento de linguaxe de signos			
CEIP nº 1 de Tui (2)	1 PT	Tui	Pontevedra
(1) Trastorno grave da conduta			
(2) Autismo			
(3) Hipotonía axial			
(4) Tetraparesia			
(5) Deficientes motóricos			
(6) Trastorno xeralizado do desenvolvemento			
(7) Hipoacusia			
(8) Paráliticos cerebrais			
(9) Discapacidade cognitiva e trastorno xeralizado do desenvolvemento			
(10) Síndrome de Down.			
(11) Síndrome de Asperger			
(12) Sobredotación intelectual			
(13) Coñecementos de Braille			

ANEXO II

Conceptos	Puntuación	Total puntos máximo	Documentos xustificativos
1. Antigüidade: 1.1. Por cada ano de servizo como funcionario de carreira do corpo de mestres. 1.2. Por cada ano de servizo como funcionario de carreira na especialidade de pedagogía terapéutica, ou, de ser o caso, audición e linguaxe. Para os efectos deste número 1 computaranse os servizos docentes previos recoñecidos conforme a Lei 70/1978.	0,50 puntos 0,50 puntos	12 puntos 12 puntos	Folla de servizos.
2. Méritos académicos: 2.1. Polo título de doutor. 2.2. Titulacións de segundo ciclo: por cada licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou títulos declarados legalmente equivalentes. 2.3. Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda diplomatura ou os 3 primeiros cursos dunha licenciatura.	1 punto 0,5 puntos 0,25 puntos	2 puntos	Copia compulsada das titulacións alegadas.
3. Formación e perfeccionamento: 3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas que estean en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologadas polas administracións precitadas, así como os organizados polas universidades (0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados). 3.2. Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos (0,10 puntos por cada 10 horas). 3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto a que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas).	Ata 2 puntos Ata 1 punto Ata 3 puntos	6 puntos	Copia compulsada da documentación alegada.
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas: 4.1. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, de carácter xeral. 4.2. Por publicacións de carácter didáctico ou científico, proxectos e innovacións técnicas, relacionadas coa praza que se solicita. (Deberán conter o ISBN, agás as excepcións establecidas na lexislación vixente).	Ata 1 punto Ata 2 puntos	3 puntos	Documentación orixinal ou copia cotexada.
5. Por cada ano de servizos como funcionario ou funcionaria de carreira na especialidade de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe exercendo o seu labor con alumnado de necesidades educativas específicas.	1 punto	10 puntos	

ANEXO III

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

CORPO A QUE PERTENCE

MESTRES

DISCIPLINA

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NOME

DNI

NRP

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

RÚA E Nº

TELÉFONO

LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL

DATOS DESTINOS

CENTRO DE DESTINO DEFINITIVO 2009/2010

LOCALIDADE

CENTRO DE DESTINO PROVISIONAL 2009/2010

LOCALIDADE

PRAZAS QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA:

1	2	3	4
5	6	7	8
9	10	11	12
13	14	15	16
17	18	19	20
21	22	23	24

_____, ____ de _____ de 2010.

SINATURA DO/A INTERESADO/A

DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

FOLLA DE AUTOBAREMO

Concepto	Puntuacións parciais	Total
1. Antigüidade (máximo 12 puntos). Por cada ano de servizo como funcionario de carreira. Para estes efectos computaranse os servizos docentes previos recoñecidos conforme a Lei 70/1978; non se computarán os exixidos como requisito. Por cada ano de servizo como funcionario de carreira na especialidade de pedagogía terapéutica ou, de ser o caso, audición e linguaxe.	0,50 0,50	
2. Méritos académicos (máximo 2 puntos) 2.1. Polo título de doutor. 2.2. Titulacións segundo ciclo. 2.3. Titulacións primeiro ciclo.	1 0,5 0,25	
3. Formación e perfeccionamento (máximo 6 puntos). 3.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos, organizados polas administracións educativas (0,10 puntos por c/10 horas). 3.2. Por outras actividades de formación (0,10 puntos por c/10 horas). 3.3. Por actividades de formación específica directamente relacionadas co posto a que se pretende acceder (0,10 puntos por c/10 horas).	Ata 2 puntos Ata 1 punto Ata 3 puntos	
4. Publicacións, proxectos, innovacións técnicas (máximo 3 puntos) 4.1. Por publicacións de carácter didáctico, de carácter xeral. 4.2. Por publicacións de carácter didáctico....., relacionadas coa praza que solicita.	Ata 1 punto Ata 2 puntos	
5. Servizos (máximo 10 puntos) Por cada ano de servizos, como funcionario ou funcionaria de carreira na especialidade de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, exercendo o seu labor con alumnado de necesidades educativas específicas.	1 punto por ano	